

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 25 DE XANEIRO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Decreto polo que se crea e regula o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na AC-543. Treito: Barcia – Roxos, p.q. 1 + 800-4 + 150, no Concello de Santiago de Compostela.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteprojecto de Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a autorización administrativa previa e de construción do proxecto do parque eólico Pastoriza-Rodeiro.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe do 2º semestre de 2017, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así

como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

- Informe sobre a oferta de emprego público do ano 2018 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o estado de execución dos novos centros de saúde.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a consulta pública ao sector, previa ao inicio do trámite do novo decreto de aproveitamentos forestais.
- Informe sobre a convocatoria 2018 das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos vitivinícolas.

## CRÉASE O PRIMEIRO OBSERVATORIO DOS RÍOS QUE PERMITIRÁ POÑER EN VALOR O PATRIMONIO NATURAL-AMBIENTAL DOS CASE 500 RÍOS DA COMUNIDADE

- *O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se regulará este organismo, polo que se crea por primeira vez un órgano de asesoramento na Comunidade sobre o estado ambiental, económico, social e cultural dos ríos*
- *Converterase na ferramenta para obter dun modo transversal e interdisciplinar información periódica e pormenorizada sobre o estado dos ríos galegos*
- *O Observatorio nace coa idea de contar cunha ampla e equilibrada participación, polo que a súa composición estará conformada por institucións e sectores implicados na conservación e xestión dos ecosistemas fluviais*

A Comunidade galega conta co primeiro Observatorio dos Ríos para poñer en valor o patrimonio natural-ambiental dos case 500 ríos de Galicia. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o decreto polo que se crea o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, que nace co obxectivo de dar a coñecer os valores dos leitos fluviais da Comunidade.

Os ríos galegos son unha rede que suma 32.000 quilómetros de ríos, polo que a creación deste observatorio responde á necesidade de recoñecemento e protección do enorme valor patrimonial, tanto social como ambiental desta riqueza hidrográfica, así como a importancia que teñen na conservación da flora e da fauna que dependen deles para a súa supervivencia. A Consellería de Medio Ambiente, departamento do que dependerá, considera que transmitir estes valores é parte do compromiso acadado por este goberno coas xeracións futuras.

O observatorio concíbese como un órgano colexiado ao cal, de acordo co principio de colaboración institucional, corresponde o asesoramento sobre o estado ambiental, económico-social e cultural dos ríos da Comunidade Autónoma de Galicia, a elaboración de informes e estudos, e a diagnose e proposta de medidas que axuden a definir as distintas políticas autonómicas de posta en valor dos ecosistemas fluviais de Galicia. O decreto, ademais de establecer a súa creación, tamén regula as súas funcións, composición e réxime de funcionamento.

Coa posta en marcha desta ferramenta abórdase este feito dun modo transversal e interdisciplinar para poder obter información periódica e pormenorizada sobre o estado dos ríos galegos, polo que unha das súas funcións será actuar como órgano de asesoramento, análise e difusión de información periódica relativa á situación dos ríos galegos.

Tamén deberá recoller e analizar información sobre as medidas e actuacións postas en marcha desde as diferentes instancias, públicas e privadas; promover e elaborar plans directores para os ríos galegos, nos cales se recollan as políticas autonómicas respecto á promoción e valorización dos ríos como elementos destacados do patrimonio natural, económico e social galego.

Dentro das súas funcións, tamén destaca a de difundir a importancia dos ríos e os seus contornos naturais e promover boas prácticas na interacción da cidadanía cara a eles, así como promover a colaboración entre todas as institucións implicadas, encamiñada á posta en valor dos ríos galegos.

Outra das finalidades coas que nace é a de actuar como foro de encontro interdisciplinar entre organismos públicos e as sociedades civís e do coñecemento e, por último, elaborará informes periódicos sobre o grao de cumprimento e efectividade das medidas adoptadas para a posta en valor dos ríos galegos.

Para acadar este reto é imprescindible impulsar a participación, tanto do colectivo de pescadores -cada vez máis exixente e implicado coa conservación e preservación do medio natural- como da sociedade en xeral, co fin de priorizar e establecer unhas directrices de xestión que permitan delimitar un marco que garanta un aproveitamento sustentable e a posta en valor destes espazos naturais, co fin de poder atender as cada vez máis presentes demandas sociais a favor da conservación da biodiversidade.

### **Composición**

O Observatorio dos Ríos, que se creará ao abeiro deste decreto, nace coa idea de contar cunha ampla e equilibrada participación, polo que a súa composición estará conformada por institucións e sectores implicados na conservación e xestión dos ecosistemas fluviais. Tal e como se recolle no decreto, a sesión constitutiva do Observatorio terá lugar nun prazo máximo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

Estará formado por unha presidencia, unha vicepresidencia, unha secretaría e un total de 32 vogais e haberá representación das consellerías de Economía, Emprego e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Política Social; Medio Rural, Mar e a Axencia Galega de Turismo, por parte da Administración autonómica. Haberá tamén representantes dos organismos das bacías competentes no territorio galego, como Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica do Miño Sil, Confederación Hidrográfica do Douro e Confederación Hidrográfica do Cantábrico; así como representantes das tres universidades galegas, das asociacións ecoloxistas que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa dos ecosistemas fluviais; a Federación Galega de Pesca e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA ENTRE A BARCIA E ROXOS, EN SANTIAGO, CUN INVESTIMENTO DE 1,1 MILLÓN DE EUROS

- *Este itinerario peonil e ciclista na estrada forma parte do proxecto previsto para permitir completar o percorrido entre Compostela e Bertamiráns pola estrada Santiago-Noia sen necesidade de usar o coche*
- *Entre A Barcia e Roxos construírse unha senda de case 2,4 quilómetros que incluírá unha pasarela de madeira para salvar o regato existente*
- *A actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda está desenvolver na comarca de Santiago, sumando 14,6 novos quilómetros nos concellos da comarca*
- *Estas obras serán cofinanciadas con fondos Feder do Programa operativo 2014-2020*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos 18 predios necesarios para a construción dunha senda peonil e ciclista entre as parroquias da Barcia e Roxos, en Santiago de Compostela.

Esta obra forma parte do proxecto previsto pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para facer posible completar o percorrido entre Compostela e Bertamiráns a través da estrada autonómica AC-543 (Santiago-Noia) sen necesidade de empregar o coche.


Con ese fin rematou xa a construción do treito da senda entre Vidán en Laraño, tamén en Santiago, e se iniciaron xa as expropiacións para conectar Roxos con Aldea Nova, no Concello de Ames. Entre ese mesmo concello e o de Brión está, ademais, executándose na actualidade a senda que une a urbanización Monte Devesa con Aldea Buio.

A aprobación hoxe polo Consello da Xunta das expropiacións supoñen un avance nos trámites necesarios para a construción da senda entre A Barcia e Roxos, cuxas obras a Xunta licitará proximamente por un importe de 1,1 millóns de euros. O investimento previsto nas expropiacións é de aproximadamente 7.000 euros.


O proxecto prevé a construción dunha senda peonil e ciclista entre os puntos quilométricos 1+800 e 4+150 da estrada AC-543 no Concello de Santiago de Compostela. A senda consta dunha plataforma cun mínimo de 1,8 m de ancho, de formigón coloreado e separada da calzada por unha zona axardinada, máis os bordos de separación. No tramo comprendido entre os puntos quilométricos 1+970 e 2+012

proxéctase unha pasarela de madeira de 2 metros de ancho coa fin de salvar o regato existente.

Situación



Sección tipo



11.01.2018

A actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda está desenvolver na comarca de Santiago, sumando 14,6 novos quilómetros nos concellos da comarca.

Así, ademais das mencionadas anteriormente sobre a estrada Santiago-Noia, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda rematou xa a construción de case seis quilómetros de senda na estrada AC-240, no Concello de Touro.

Tamén está en obras a senda para fomento da mobilidade sostible na AC-841 no Concello de Teo de 1 km, dende o consultorio local de Pontevea ata Pontevea norte.

Por último, na estrada AC-960 nos Concellos de Santiago e Boqueixón, desenvolveranse outros dous treitos de senda dende A Susana ata A Eirexe, pasando polo polígono industrial, que suman 1,9 quilómetros.

## **GALICIA CONTARÁ COA PRIMEIRA LEI EN ESPAÑA QUE REGULA O APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS QUE APORTAN BENEFICIOS PARA A SAÚDE**

- *O Consello dá luz verde ao inicio da tramitación desta lei, que complementará a regulación xa existente para as augas con fins terapéuticas dos establecementos balnearios da Comunidade*
- *A nova normativa velará pola salubridade e hixiene das augas termais de uso lúdico que ofrecen efectos beneficiosos para a saúde, garantindo a súa sustentabilidade ambiental, protexendo a súa integridade e promovendo o desenvolvemento económico e social das poboacións onde se localicen*
- *O Goberno galego aposta pola transparencia e o diálogo cos principais axentes e colectivos implicados para contar coa lei que mellor se adapte tanto ás necesidades do sector como á protección do recurso natural, como xa fixo durante a elaboración do anteproxecto*

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aprobar o inicio da tramitación do Proxecto de lei de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia que ademais achegan beneficios para a saúde, unha normativa innovadora, xa que será a primeira en España na materia.

Con esta nova lei completárase a regulación en Galicia do uso das augas termais –que actualmente se limita ao seu aproveitamento para unha finalidade terapéutica– e establecerase unha fronteira clara entre as augas termais destinadas a fins terapéuticos e preventivos –reguladas pola Lei 5/1995 e que se realizará en exclusiva a través de establecementos balnearios–, e as destinadas a fins lúdicos e que ofrecen efectos beneficiosos para a saúde, reguladas a través desta nova lei e que poderán ofrecerse a través de espazos termais e piscinas termais de uso lúdico. Estas últimas serán aqueles espazos que están formados por un vaso ou conxunto de vasos cuxa auga de alimentación foi declarada termal.

O obxectivo da nova normativa é velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais que aportan beneficios saudables, garantindo a sustentabilidade ambiental para evitar a súa degradación e redución, así como protexer a súa integridade como recurso natural, patrimonial, cultural, industrial, turístico e lúdico.

Ademais, ao regular o seu aproveitamento lúdico, promoverase o desenvolvemento económico e social das localidades onde se encontren estas augas termais ao garantir, coa súa declaración, que cumpren cos requisitos requiridos, especialmente de salubridade e hixiene. A lei, en definitiva, contribuirá a impulsar a industria turística e ao desenvolvemento local e rexional mediante a xeración de investimento e emprego.



Ademais das augas termais de aproveitamento lúdico con usos beneficiosos para a saúde, cabe lembrar que Galicia conta con 300 captacións de augas mineromedicinais 21 balnearios e 5 talasos que dispoñen de 3000 prazas hoteleiras. De feito, Galicia é a primeira potencia termal de España e a segunda de Europa. Esta nova lei, que será compatible coa que regula os balnearios e as augas con fins terapéuticos, confirma o compromiso do Goberno galego por impulsar este sector, complementando plans en marcha como *Ourense, provincia termal* ou o *Plan de turismo de saúde e termal de Galicia*. Ademais, a Xunta tamén está promovendo o primeiro ecobarrio galego na cidade de Ourense, un proxecto no cal se aproveitarán as oportunidades das augas termais para impulsar a eficiencia enerxética a través da xeotermia e a biomasa.

A lei configurará un novo mapa termal en Galicia xa que segundo onde estean localizadas as augas termais, de uso lúdico, se son en terreos públicos ou privados, se concederán unha concesión administrativa por 30 anos prorrogable ata un máximo de 75, ou unha autorización polo período previsto no proxecto, revisable, como máximo, cada 10 anos, respectivamente. O proxecto tamén recolle o réxime de dereitos e obrigas dos titulares, así como o réxime de inspección e sancións. En canto aos aproveitamentos lúdicos que existen na actualidade, está previsto que contén cun prazo dun ano para a súa regularización.

A normativa, que comeza a súa tramitación, estará aberta ao diálogo para a súa mellora e adaptación, tanto ás necesidades do sector como desde o punto de vista da protección deste recurso natural, como xa fixo o Goberno galego durante a elaboración do seu anteproxecto, en que contou coa participación dos principais axentes, sectores e colectivos interesados.

## A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE EÓLICO TRAMITADO COMO DE ESPECIAL INTERESE QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 48 M€ NA PROVINCIA DE LUGO

- *Con este proxecto no municipio lugués da Pastoriza, son 12 as instalacións xa autorizadas da lista de 18 eólicos declarados de especial interese en decembro do ano pasado, o que se traduce en preto de 236 novos MW aprobados*
- *O parque Pastoriza-Rodeiro contará con 15 aeroxeradores cunha potencia total de 45MW e unha capacidade aproximada de produción anual de preto de 150.000 MWh*
- *A declaración de interese especial dos proxectos, unha medida incluída na Lei de implantación empresarial, significa que os promotores se comprometen á posta en marcha antes de 2020*

A Xunta vén de autorizar un novo parque eólico tramitado como de especial interese: Pastoriza-Rodeiro, que estará localizado no concello lugués da Pastoriza e que suporá un investimento de 48 millóns de euros.

Trátase do 12º proxecto que se aproba da lista de 18 parques eólicos declarados de interese especial no Consello da Xunta do 21 de decembro, o que supón que o Goberno galego xa autorizou preto de 236 MW dos 409 de interese especial (o 57,6% da potencia). Ademais da instalación Pastoriza-Rodeiro, o Consello da Xunta do pasado 28 de decembro aprobou os parques Pena Forcada-Catasol en Laxe (A Coruña) e Montes de Abella nos municipios lugueses de Láncara e Triacastela, cunha potencia de 7,35MWe 14MW, respectivamente.

Estes tres proxectos súmanse aos nove autorizados anteriormente: Pena Ventosa (8MW) no Vicedo e Oulol (Lugo); Serra das Penas (42MW) en Paradela (Lugo); Neda (33MW) en Abadín e A Pastoriza (Lugo); Carracedo (9MW) na Pastoriza e Mondoñedo (Lugo); Sasdónigas fase I (17,6 MW) en Mondoñedo (Lugo); Sasdónigas fase II (9MW) en Mondoñedo e Abadín (Lugo); Mondoñedo (3MW), en Mondoñedo e Abadín (Lugo) e Cadeira (12 MW) en Trabada, Riotorto, A Pontenova e Lourenzá (Lugo).

A través desta medida, incluída dentro da Lei de implantación empresarial, o promotor acada o compromiso de poñer os parques en marcha con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020. A declaración tamén suporá a tramitación das actuacións de forma prioritaria e a redución á metade dos prazos necesarios para a obtención das autorizacións preceptivas para a construción deste parque, mantendo todas as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

O parque eólico Pastoriza-Rodeiro, promovido por Fenosa Wind, contará cunha potencia total de 45MW a través da instalación de 15 aeroxeradores. Cun investimento

previsto de 48 millóns de euros, este novo parque na provincia da Lugo alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual de preto de 150.000 MWh.

Este parque sumarase aos 160 que están en funcionamento na nosa Comunidade con máis de 3.300MW. A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar, así, un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Así mesmo, o Goberno galego ten en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 180 millóns de euros destinados aos municipios. Neste caso será o Concello da Pastoriza o que se beneficie da instalación do novo parque, que suporá unha recadación de 1,23 millóns de euros durante o período de explotación.

## **A XUNTA DE GALICIA TRIPLICOU O IMPORTE DOS CONVENIOS ASINADOS COAS UNIVERSIDADES NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2017**

- *O Goberno galego destinou a estes acordos máis de 4,2 millóns de euros fronte aos preto de 1,3 do mesmo período de 2016*
- *Estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) realízanse a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento*

A Xunta de Galicia destinou un total de 4.210.086,09 euros aos 44 convenios subscritos coas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) no segundo semestre do ano 2017. Isto supón triplicar o importe dos convenios respecto dos preto de 1,3 millóns de euros destinados a este fin no segundo semestre de 2016, ademais de duplicar o número destes acordos asinados. Cómpre salientar que estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) realiza a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de Financiamento.

Así o recolle o 'Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica', analizado hoxe no Consello da Xunta.

Así mesmo, o importe medio que representou cada convenio para as universidades experimentou un incremento, desde os 67.730,80 euros no segundo semestre do ano 2016 ata 95.683,77 euros no segundo semestre de 2017. Por tanto, unha suba porcentual do 41,27%.

Respecto das entidades da Xunta asinantes, a que máis convenios subscribiu coas universidades galegas foi a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (14 convenios), seguida da do Mar (sete), e da de Economía, Emprego e Industria (seis). Pola súa banda, a Presidencia da Xunta de Galicia asinou cinco convenios, a Consellería de Sanidade catro, a de Política Social tres, a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dous a de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un e as de Facenda e do Medio Rural un.

### **Accións conveniadas**

O maior número de accións desenvolvidas ao abeiro dos convenios son relativas ao financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese para a consellería correspondente cun total de 15 (34,90% do total). Seguen os convenios para apoio á inserción laboral dos titulados, dirixidas ao alumnado universitario galego (9), para apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación (seis),

apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (seis), másters oficiais (catro), apoio para a implantación do sistema docente (dous), mellora de infraestruturas para adaptación ao EEES (un).

En canto á repartición por universidades, a Universidade de Santiago de Compostela obtivo neste período o 72,84% das achegas, a universidade da Coruña o 16,32% e a Universidade de Vigo recibiu o 7,98%.

## EDUCACIÓN PRESENTARÁ ÁS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS UNHA PROPOSTA DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 1.919 PRAZAS

O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe a proposta de oferta de emprego público no ensino non universitario galego, un total de 1.919 prazas en 30 especialidades diferentes, que a Consellería presentará á mesa sectorial nas próximas semanas. Deste xeito o Goberno galego avanza na diminución da taxa de interinidade dos corpos docentes que, cun 13% é xa a máis baixa de todo o Estado.

Como vén sendo habitual, o inicio das probas selectivas realizarase unha vez rematado o curso escolar. A distribución de prazas por especialidade queda como segue:

Profesores de ensino secundario	1.050
Profesores técnicos de FP	160
Profesores de escolas oficiais de idiomas	30
Mestres	574
Catedráticos de música e artes escénicas	105
Total	1.919

No referido ás especialidades, no corpo de mestres convocaranse prazas nas de Educación infantil, Lingua estranxeira Inglés, Lingua estranxeira Francés, Educación Física, Música, Pedagogía terapéutica, Audición e linguaxe e Educación Primaria. No corpo de profesores de ensino secundario, as especialidades na OPE serán as de Lingua Castelá e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Orientación educativa, Tecnoloxía, Lingua galega e literatura, Intervención Sociocomunitaria, Organización e Xestión Comercial, Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos, Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos, Procesos Sanitarios e Sistemas Electrotécnicos e Automáticos. No caso do corpo de profesores técnicos de formación profesional, as especialidades serán as de Estética, Instalación e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos, Operacións e equipos de Producción Agraria, Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico, Procedementos Sanitarios e Asistenciais, Procesos Comerciais e Servizos de Restauración.

## NESTA LEXISLATURA MÁIS DE 310.000 GALEGOS BENEFICIARANSE DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE OU DE MELLORAS NO ACTUAL

- *En total, o Servizo Galego de Saúde construírá 18 novos centros de saúde e realizará a ampliación e mellora noutras dúas infraestruturas*
- *A metade destas obras xa están en marcha ou en fase de licitación*
- *A Xunta prevé un investimento de máis de 55,6 millóns de euros nestes novos proxectos*
- *O Sergas traballa para poñer á disposición dos cidadáns infraestruturas modernas, con capacidade de resolución de alto nivel de calidade e no lugar máis próximo ao paciente*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou en Consello da Xunta un informe sobre a modernización das infraestruturas de Atención Primaria nesta lexislatura, unhas melloras que beneficiarán máis de 310.000 galegos e galegas. En total, trabállase en 20 novas infraestruturas: 18 son novos centros de saúde e outras dúas son ampliacións e mellora das instalacións existentes (A Illa e A Laracha). A Xunta prevé destinar 55,6 millóns de euros a estes novos proxectos.

A mellora e modernización das infraestruturas en Atención Primaria é unha prioridade para a Xunta de Galicia. O Servizo Galego de Saúde traballa para poñer á disposición da cidadanía galega infraestruturas modernas, con capacidade de resolución de alto nivel de calidade e no lugar máis próximo ao paciente como é a atención primaria.

Do total de centros, a metade xa está en marcha ou en fase de licitación. Así, na actualidade, a Xunta ten encomendadas á Axencia Galega de Infraestruturas a execución das obras dos centros de saúde de Ares e Gondomar, en que está previsto un investimento de 4.062.523 euros. Ademais, o Servizo Galego de Saúde xa presentou os proxectos de construción dos novos centros de saúde e PAC do Milladoiro (Ames), as obras de ampliación (PAC) do centro de saúde da Laracha, a construción e mellora do novo centro de saúde e PAC da Estrada, e as obras de ampliación e reforma do centro de saúde da Illa. Tamén foron presentados os proxectos dos novos centros de saúde de Salceda de Caselas, do Pereiro de Aguiar, de Paderne de Allariz, e o novo centro de saúde e PAC de Narón. O investimento total previsto nestes proxectos supera os 18 millóns de euros.

Incluídos nese grupo de 20 novas infraestruturas proxectadas están en fase de redacción os proxectos de construción de centros de saúde de Melide, Centro Integral de Saúde (CIS) Barrio da Residencia de Lugo, O Saviñao e Pazos de Borbén.

O Sergas tamén está traballando na redacción dos plans funcionais especiais de Poio, Bouzas, o Centro Integral de Saúde de Lalín, nos estudos de necesidades sanitarias da

poboación dos concellos de Cangas e Moaña, así como na redacción dos programas de espazos asociados e o plan funcional especial do centro de saúde de Santa Lucía (A Coruña).



## **A XUNTA ULTIMA A SIMPLIFICACIÓN DE TRÁMITES E A REDUCIÓN DE PRAZOS PARA OS APROVEITAMENTOS MADEIREIROS**

- *A Consellería do Medio Rural será o único interlocutor dos propietarios forestais á marxe das afeccións de dominio público que poidan implicar estas cortas*
- *Os prazos das autorizacións reduciranse de seis a dous meses como máximo*
- *Crearase unha plataforma telemática a través da cal se realizará toda a tramitación*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre os avances feitos para a simplificación do réxime de autorizacións dos aproveitamentos forestais. O obxectivo é que os propietarios dos montes poidan executar as cortas de forma máis áxil e sen ter que realizar xestións ante distintas administracións.

De feito, a maior novidade na normativa é a incorporación dunha xanela única e telemática, pertencente á Consellería do Medio Rural, ante o cal se presentarán todas as solicitudes de cortas á marxe das afeccións de dominio público que poidan implicar (augas, estradas, costas ou polo patrimonio cultural ou natural). Será esta consellería a que contacte co resto de departamentos implicados para que emitan os respectivos informes nun prazo máximo de dous meses.

Isto supón un importante avance xa que ata o de agora estas autorizacións podían tardar ata seis meses, segundo a Administración implicada. Outra vantaxe será na redución de taxas, xa que o titular do monte só terá que facer un único pagamento ante a Xunta e non en cada unha das institucións competentes.

Para aqueles terreos que non estean suxeitos a unha protección especial, o avance é tamén destacado, xa que se substitúen as autorizacións e comunicacións previas, que podían tardar entre sete e 15 días, por unha declaración responsable do titular. Este novo concepto estará vinculado a aqueles aproveitamentos relacionados con especies pirófitas como piñeiros, eucaliptos ou acacias. Deste xeito, o propietario presentará un documento polo que afirma a posesión do terreo e, como tal, asume a súa responsabilidade. Será un trámite practicamente instantáneo a través da presentación desta declaración.

### **Nova plataforma telemática**

Precisamente para executar todos estes trámites preténdese elaborar unha nova plataforma tecnolóxica en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) que funcionará a modo desa xanela única.

Todos estes cambios, que se prevé que estean listos no primeiro semestre do ano, implicarán importantes beneficios para un sector tan relevante para moitos galegos

como é o forestal. Anualmente realízanse na nosa Comunidade arredor de 75.000 aproveitamentos madeiros cun movemento duns 8 millóns de metros cúbicos de madeira. Os datos evidencian a relevancia dos recursos forestais na nosa Comunidade, que xeran riqueza e emprego no ámbito local entre os propietarios do monte, que no 98% corresponde a titulares privados.

## O SECTOR VITIVINÍCOLA CONTARÁ CUNHA LIÑA PROPIA DE AXUDAS DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS PARA INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe do Medio Rural sobre estas achegas, que se enmarcan no programa de apoio ao sector vitivinícola español 2019-2023*
- *Subvencionarase a construción, adquisición e mellora de bens inmobles, maquinaria e equipamentos novos e o desenvolvemento de programas informáticos, entre outros*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a vindeira convocatoria das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos vitivinícolas, que ten un orzamento de 2,5 millóns de euros. Nos vindeiros días sairá publicada a súa convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Estas achegas, exclusivas para este eido, están financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) a través do Programa de apoio ao sector vitivinícola español (Pasve) 2019-2023. Mediante esta liña de achegas, búscase subvencionar a construción, adquisición e mellora de bens inmobles, así como de maquinaria e equipamentos novos. Tamén se sufragan a adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos, a compra de patentes ou licenzas e os honorarios de proxecto, dirección de obra e estudos de viabilidade.

Anteriormente, as subvencións ás adegas incluíanse no Programa de desenvolvemento rural 2007-2013, ata que se aprobou o primeiro Pasve. Nese momento excluíronse do PDR (que está financiado con fondos Feader) e pasaron a financiarse co programa nacional. Nos últimos oito anos, o sector beneficiouse dunha axuda total que supera os 36 millóns de euros, para un investimento mobilizado de máis de 107 millóns de euros.

De aí que o fomento das industrias vitivinícolas sexa un factor clave para o desenvolvemento das zonas rurais e un reclamo para fixar poboación, tanto pola riqueza que xeran directamente como polo efecto inducido que teñen sobre outros sectores da actividade económica.

Por outra parte, a potenciación das producións agroalimentarias, e nomeadamente as acollidas aos diferentes indicativos de calidade, axudan a crear unha imaxe positiva de Galicia que repercute de xeito favorable en toda a economía do medio rural galego e, por extensión, no conxunto da Comunidade Autónoma.

### **Obxectivos estratéxicos**

Con esta liña de axudas preténdese favorecer o incremento da dimensión empresarial e a participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor. Tamén se busca incentivar a innovación e a implantación de novos produtos e novas presentacións, así como o emprego de procesos sustentables desde o punto de vista ambiental, a través do aforro de enerxía, a eficiencia enerxética global, a utilización de enerxías renovables e a valorización e tratamento dos residuos co fin de impulsar a certificación ambiental das instalacións das empresas vitivinícolas.